



Memoria da Presidencia

Santiago Villanueva Álvarez, na súa calidade de Presidente do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, mediante o presente documento e dando cumprimento ao disposto polo artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, artigo 18.1.a) do Regulamento que desenvolve parcialmente ese Texto, aprobado polo Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e en relación co disposto polo artigo 14.4 dos Estatutos deste Consorcio, aprobados polo Decreto 258/2002, do 30 de xullo (con modificado por mor do Decretos 151/2006, do 31 de agosto e 62/2009 do 12 de marzo), formulo a presente Memoria explicativa do contido do Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2011 e das principais modificacións que presenta respecto ao aprobado para 2010.

Consideracións previas:

O Orzamento que se propón para a súa aprobación polo Pleno constitúe o noveno documento orzamentario do Consorcio dando conta da continuidade e consolidación da actuación e servizo que este Consorcio presta e, desde un dobre punto de vista, reproducido desta memoria de 2010:

- ✓ Por unha banda e como xa reflectía o Orzamento dos tres anteriores exercicios, aparecen recollidos a totalidade dos parques (e subsede) comarcais que os Estatutos aprobados no segundo semestre de 2002, establecían para esta Entidade e, ao contrario do exercicio de 2009, non se recolle parque novo ningún.
- ✓ Por outra banda (e tamén ao contrario do exercicio de 2009), a totalidade dos investimentos previstos, áchase financiada polos recursos tributarios do Consorcio (Contribucións especiais), sen apelación a achegas das dúas entidades consorciadas e, en calquera caso, tamén a totalidade dos investimentos reflectidos, áchanse dirixidos aos parques e subsede comarcais.

Sobre a base das anteriores consideracións e xunto coa colaboración e suxestións realizadas pola Xerencia nas funcións que a estes efectos lle atribúe o artigo 16.2.b) dos Estatutos, a continuación se desenvolven, respecto ós Estados de Gastos e Ingresos, capítulo por capítulo, as novidades introducidas e as xustificacións ó respecto, finalizando esta Memoria cunha conclusión de resume do exposto.

Estado de Gastos:

Dentro do **Capítulo I**, se aplica o proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2011, o que supón que as contías e xustificacións recollidas na Relación de Postos de Traballo aprobada en 2009, experimentan a conseguinte redución no que atinxe aos salarios da totalidade dos empregados públicos deste Consorcio, aparelada coa conseguinte da masa salarial, o que, á súa vez, implica o decremento do Capítulo I.

Respecto do **Capítulo II**, reflecte unha continuidade resultante do sinalado nas Consideracións previas e tomando en conta tamén:

1. Os gastos asignados a Órganos de Goberno e administración xeral e institucional non sofren variacións respecto de 2010, salvo unha pequena redución do gasto corrente na administración xeral.
2. Respecto das obrigas previstas na do Programa 135 –Política de Gasto 13 da Área de Gasto 1- (o "servizo de Extinción de incendios"), poden subliñarse:
 - a) Neste programa, como no presente exercicio e anteriores, trátase de reflectir neste programa e na totalidade das aplicacións do gasto, as correspondentes individualizando o destino do mesmo para cada un dos nove parques e subsede, como se viña facendo desde o Orzamento do ano 2005 pero, agora, na súa totalidade. É dicir, non sobre a base dos



contratos concesionais senón, parque a parque, incluíndo os gastos de xestión a fin de que na execución e liquidación do Orzamento poida derivarse, á súa vez, na medida do posible, a totalidade do conxunto do gasto realizado de cara a cada un dos parques e subsede e de tal forma que aínda que as facturas derivadas do primeiro dos contratos concesionais subscritos (cinco parques e mais a subsede), non recollan esa "división" diferenciada (lembrase que facturan en función dos tres lotes licitados e contratados), si se realizará no momento da imputación do gasto co fin do seguimento indicado.

- b) No que respecta en concreto aos gastos derivados da xestión do servizo, aparecen orzamentados (como se indicou nas Consideracións previas), a totalidade dos nove parques e subsede que recollen os Estatutos, incrementándose o gasto aparelado aos contratos prorrogados das concesións na porcentaxe do 2,6 por 100 respecto das contías vixentes en cada contrato considerando a prórroga total no ano 2011, xa que logo, tendo en conta que se están derivado do acordo plenario do 08.07.2010, o expediente para a/s nova contratación está en elaboración, é probable que non se comece en 2011, polo que atendida a moderación que preside na coxuntura actual, o gasto das entidades públicas, de seres preciso, acudiráse á conseguinte modificación orzamentaria.

Por lo que toca ao **Capítulo III**, non experimenta variación respecto a 2010.

En relación co **Capítulo IV**, queda, como tamén no 2010 e precedentes, sen previsión inicial ningunha, toda vez que o Consorcio no prevé realizar as obrigas inherentes ás transferencias correntes.

O **Capítulo VI** recolle obrigacións por investimentos, tanto de cara aos servizos de carácter xeral como para os parques de bombeiros. Os primeiros, por mor da necesidade que leva aparelada a reforma do edificio sede administrativa do Consorcio (peche e consolidación da parcela, mobiliario) e para a adquisición de equipos informáticos nunha cantidade de 9.000,00€. Asemade, e como nos exercicios anteriores, prevense a realización de gastos, tamén para a mellora do servizo nos parques, tanto pola renovación e adquisición de material como pola adquisición de catro novos vehículos (FSV) para catro dos parques (Arteixo, Carballo, Boiro e Betanzos). Todos estes investimentos, áchanse debidamente reflectidos no Anexo de inversións, deixándose constancia dos orzamentos así como do nivel de vinculación xurídica que a estes efectos establecen, á súa vez, as Bases de execución do Orzamento.

No que afecta ós **Capítulos VII, VIII e IX** non experimentan variación respecto dos exercicios de 2010 e precedentes, non recolléndose, consecuentemente, consignación ningunha naqueles.

Estado de ingresos:

Os **Capítulos I e II**, aparecen con previsión inicial de 0,00 €, igual que en exercicios de 2010 e anteriores, polo feito de carecer o Consorcio das imposicións, directa e indirecta, que aqueles recollen.

O **Capítulo III** non presenta (ao contrario que en 2010 respecto a 2009) variación ningunha respecto ao presente exercicio de 2010.

Respecto ao **Capítulo IV** reflecte, como en 2010 e precedentes, e sen prexuízo do principio de caixa única, de forma separada, as previsións de ingresos en función dos distintos fins aos que van destinados así como pola orixe (Xunta de Galicia ou Deputación Provincial da Coruña) das achegas, sendo loxicamente as de maior importancia, as que afectan ás xestións indirectas dos parques e, respectándose, nesa orixe de fondos, a porcentaxe estatutaria establecida para tal fin. Asemade e sobre a base de idénticas xustificacións que as indicadas ao respecto no Capítulo II (apartado 2) respecto da xestión dos parques e como tamén reflecte o Anexo de xestión dos parques, realizase dita previsión de ingresos para cada un dos parques e subsede, con independencia do que recollen ao



respecto os contratos das concesións do servizo, por mor de manter a coherencia entre ingreso e gasto, e tamén, para acadar o coñecemento sobre a orixe e contía do ingreso en cada un daqueles.

En canto ás previsións incluídas nos **Capítulo V** non experimentan variación ningunha respecto ás de 2010.

No que respecta ao **Capítulo VI**, non experimenta variación ningunha tendo en conta que non se prevé venta de patrimonio desta Administración, polo que loxicamente, a previsión de ingreso é de 0,00 €, coma a dos exercicios precedentes

No que atinxe ás transferencias de capital recollidas no **Capítulo VII**, tampouco ten variación respecto ás previsións de 2010 (ao contrario do que ocorreu co Orzamento de 2009)

Por último, os **Capítulos VIII e IX**, ao igual que nos Orzamentos precedentes, non reflicte previsión de ingreso ningunha.

Conclusión:

O Orzamento que se propón para a súa aprobación, supón unha continuidade respecto dos orzamento de exercicios precedentes, sendo restrictivo no que atinxe ao gasto, xa que logo unicamente se incrementa na contía de 99.329,38€, provenientes, basicamente, da aplicación do I.P.C. aos vixentes contratos da xestión do servizo, e decrementándose tanto no que atinxe aos investimentos como aos gastos de persoal tal e como queda xustificado na presente Memoria.

A presente Memoria, xúntase co resto da documentación elaborada, ao Proxecto de Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2011, a fin de que, completado en legal forma o contido do expediente, poida examinarse polo Pleno da Entidade, quen, como órgano competente, realizará as actuacións de aprobación, emenda ou devolución, e para o que se somete ó seu fundado criterio.

Carballo, 19 de outubro de 2010.-

O presidente,

Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez

